



OS PLANS DE PENSÍONS DE EMPRESA:

análise da Recomendación 16 do Pacto de Toledo

Xabier PÉREZ DAVILA, economista e membro da Coordinadora Nacional do MODEPEN, foi o autor do presente Informe

O Pacto de Toledo inicia a blitzkrieg* pola privatización do sistema de pensións. O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións lidera a ofensiva

* *Blitzkrieg* ou 'guerra relampo': estratexia militar que consiste en avanzar a gran velocidade no territorio que se quere ocupar



MODEPEN

Movemento Galego pola
Defensa das Pensións e os
Servizos Públicos

1 Introducción

O xoves 19 de novembro, o Pleno do Congreso aprobou 21 recomendacións para actualizar e reformar o Sistema de Seguridade Social. A recomendación número 16, titulada Sistemas Complementarios, propón a promoción de plans de capitalización de empresa. Reproduzo literalmente unhas liñas do aprobado:

“A Comisión subliña a necesidade de promover, de xeito preferente, os sistemas apoiados no marco da negociación colectiva, de emprego ... En liña co proposto pola AIREF na súa avaliación de beneficios fiscais (xullo de 2020), a estas entidades deberíaselles proporcionar un réxime fiscal e xurídico adecuado e diferenciado, mellorando o actual.”

Tanto MODEPEN como a COESPE consideramos que esta recomendación abre o camiño á progresiva substitución do sistema público de reparto por un sistema mixto no que vaia gañando peso a parte privada de capitalización. Opoñémonos frontalmente a este intento de privatización e mobilizarémonos para frustrala. Entendemos que para poder mobilizar é imprescindible comprender en que consisten os sistemas de capitalización e por que os rexeitamos. Esa é a finalidade deste documento.

2 Os dous grandes modelos: reparto e capitalización

Existen dous grandes sistemas de pensións, o sistema de reparto e o sistema de capitalización. O sistema predominante no Estado español é o sistema público de reparto, tamén chamado de solidariedade entre xeracións.

2.1 Sistema de reparto

Neste sistema as pensións páganse con cotizacións sociais que se deducen cada mes das nóminas das traballadoras e traballadores en activo. En consecuencia NON É UN SISTEMA DE AFORRO. Prodúcese un fluxo continuo mensual desde as nóminas ás contas correntes das persoas pensionistas: nóminas → cotizacións sociais → Tesourería Xeral da SS → pensións.

Cando as cotizacións sociais non son suficientes, as pensións poden pagarse, como de feito se fai noutros países europeos, con impostos procedentes dos Orzamentos Xerais do Estado (OXE).

Este sistema baséase nun pacto entre xeracións no seo das clases traballadoras. A actual capacidade produtiva é resultado do traballo acumulado nas décadas anteriores polas xeracións arestora retiradas. Elas crearon as infraestruturas e as instalacións produtivas existentes, ao tempo que financiaban mediante os impostos a investigación e a formación básica, profesional e universitaria das persoas activas. Polo tanto teñen dereito a unha parte do actual produto social. Este pacto proxéctase no tempo. No futuro as persoas traballadoras hoxe activas, cando se retiren, gozarán da parte do produto social á que terán dereito pola achega que agora realizan.

O sistema de reparto é o predominante en Europa.

2.2 Sistema de capitalización

No sistema de capitalización ignórase a achega das xeracións anteriores á capacidade produtiva actual. Este modelo considera que a capacidade produtiva é o resultado, non do traballo físico e intelectual, senón do rendemento dos activos financeiros. En consecuencia, para ter dereito a unha pensión futura cada traballadora debe aforrar e entregar unha cantidade mensual a unha entidade xestora, quer dicir, un banco,

unha compañía aseguradora, un fondo de investimento. A entidade xestora inviste estas cantidades en activos de renda variábel, por exemplo accións, ou de renda fixa, letras e bonos da débeda pública. A pensión futura dependerá de dous factores: o volume aforrado-investido, e o rendemento obtido polo investimento. Ese rendemento dependerá grandemente da momento en que se produza a xubilación. Por exemplo, a crise financeira de 2008 provocou enormes caídas das bolsas. Nos países anglosaxóns onde este sistema é o predominante, moitas persoas tiveron que atrasar a xubilación prevista porque nuns poucos días se esfumou o valor dos seus aforros-investimentos.

O sistema de capitalización é o predominante nos países anglosaxóns, Estados Unidos, Gran Bretaña, Países Baixos, Australia ...

2.3 Unha comparación dos dous sistemas

O sistema de reparto é moi superior ao sistema de capitalización como mecanismo de protección social.

O sistema de capitalización é moi superior ao sistema de reparto como mecanismo de financeirización da economía.

2.3.1 Para que serve o sistema de reparto?

O sistema de reparto é moi seguro xa que o importe das pensións non depende das fluctuacións dos prezos dos activos financeiros, accións, bonos, letras ... senón da capacidade produtiva da sociedade no seu conxunto. O sistema público de pensións está apoiado na capacidade de recadación do Estado.

O sistema é de prestación definida. Existe un método de cálculo preciso que depende do número de anos cotizados e das bases polas que se cotizou. A revalorización segundo o IPC asegura o mantemento do poder adquisitivo da pensión, independentemente do número de anos que se viva.

O sistema de reparto é moi estábel. A pesar dos repetidos anuncios da súa creba, o sistema non crebou en ningún país nas últimas décadas.

O sistema de reparto é moi protector. Garante unha renda de contía definida por toda a vida da persoa pensionista, aínda que viva máis de cen anos.

O sistema de reparto é moi igualitario, de o compararmos coa desigualdade salarial, ao establecer unha pensión mínima e unha máxima. En 2020, a pensión mínima contributiva de xubilación era de 604,40 € e a máxima de 2.683,34 €, unha relación de 4,4 a 1. En 2019, os executivos mellor pagados do Ibex-35 gañaron de media 5 millóns de euros, 90 veces o salario medio das traballadoras e traballadores das súas empresas¹ e 376 veces o salario mínimo interprofesional (SMI).

O sistema contribúe de maneira decisiva a reducir o risco de pobreza durante a vellez, garantido unha renda vitalicia para 780 mil galegas e galegos e 9 millóns de pensionistas no Estado español.

O sistema ofrece unha alta rendibilidade en relación coas cotizacións achegadas. Así o recoñecía o Banco de España que calcula que as persoas pensionistas recibirán 1,74 € por cada euro de cotización. É necesario subliñar que o Banco de España aproveita para recomendar reducir as pensións públicas². A este organismo pro-capitalista e neoliberal parécelle moi ben que os capitais especulativos obteñan substanciosos dividendos, e moi mal que as persoas pensionistas reciban pensións dignas. O clasismo non desapareceu coa abolición da escravitude.

1 David Fernández, El País, 17 de maio de 2020.

2 Banco de España, Una estimación del rendimiento financiero del sistema de pensiones, agosto 2020.

En definitiva, o sistema público de pensións de reparto é unha das grandes conquistas da civilización humana. Xunto coa sanidade e a educación pública gratuítas e de cobertura universal é un dos tres grandes logros das clases traballadoras para protexer a vida e promover o saber e o coñecemento científico. Intentar minalos é socavar as bases da civilización humana.

2.3.2 Para que serve o sistema de capitalización?

O sistema de capitalización é moi inseguro xa que o importe das pensións depende das fluctuacións dos prezos dos activos financeiros.

Os sistemas de capitalización non son sistemas de prestación definida. Sabemos canto imos achegar, mais non existe maneira de saber canto imos percibir. Non hai nada garantido, a pesar do que proclaman os folletos de publicidade de bancos e aseguradoras. A contía da pensión dependerá do rendemento dos activos, accións ou débeda pública, en que se investiu o capital acumulado. Estes rendementos poden ser positivos ou negativos.

O sistema de capitalización é moi inestábel. Podería facerse unha longa lista de plans de capitalización quebrados. De feito nos países anglosaxóns onde dominan as pensións de capitalización, o Estado convértese en responsábel das posíbeis crebas dos fondos privados. Tanto en Estados Unidos (EUA) como na Gran Bretaña (GB) creáronse instrumentos públicos para facer fronte ás insolvencias das pensións de capitalización. Unha vez máis un mecanismo para privatizar os beneficios, as comisións que cobran as xestoras, e socializar as perdas.

O sistema de capitalización crea un Estado do benestar dividido, segundo a expresión do investigador Robin Blackburn. O 10% de salarios máis altos pode facer grandes achegas mensuais e acumular un capital moi importante para a xubilación. O 90% de menores salarios xunta cantidades pequenas ou moi pequenas. Para esta parte das clases traballadoras, a pensión pública acaba por ser a súa principal fonte de ingresos. Mais, debemos ter en conta que nos sistema anglosaxóns a pensión pública é unha prestación mínima, polo que os índices de pobreza entre as persoas maiores son moi altos. Nos anos 90 do século pasado Margaret Thatcher reduciu a pensión básica estatal desde o 20% ao 15% da renda media. En Estados Unidos as pensións da Seguridade Social equivalen a un mesquiño 27% da renda media.

O sistema de capitalización é inseguro. Cando unha persoa decide xubilarse debe tomar unha decisión difícil: 1) cobrar unha prestación vitalicia, ou, 2) cobrar unha prestación por un número de anos limitado. Se opta por unha prestación vitalicia, a contía mensual baixará moito. Se opta por unha cobrar a prestación un número determinado de anos, arríscase a vivir moito tempo sen prestación. A patronal dos fondos de pensións, INVERCO, recoñece esa inseguridade esencial:

Os capitais acumulados pertencen aos traballadores partícipes nos diferentes plans de pensións e todo o risco do esquema queda plenamente asumido dentro do mesmo polos partícipes³.

A rendibilidade dos plans de pensións é moi baixa. De 388 fondos de pensións de máis de 15 anos de historia, só 49 superaron a rendibilidade dos bonos do Estado a 15 anos. Entre as causas están as altas comisións, entre o 1,5% e o 2,5% do patrimonio. Os ingresos por comisións das xestoras sumaron en 2008 máis de mil millóns de euros⁴. Isto quere dicir que as persoas partícipes obterían mellores resultados se os seus aforros fosen xestionados por un fondo público que investise en débeda pública.

3 Fundación INVERCO, *El impacto de la crisis económica y financiera en la inversión colectiva y el ahorro-previsión*, Imprenta Modelo, Madrid, 2010.

4 Fernández, de Apellániz e Fdez. Acín, *Rentabilidad de los Fondos de Pensiones en España. 2004-2019*.

En definitiva, as pensións de capitalización son un instrumento financeiro que serve especialmente para alimentar os ingresos das empresas xestoras: bancos, compañías de seguros e fondos de investimento. Así admite a patronal dos fondos de pensións:

Nunha contorna de marxes interbancarias cada vez máis reducidas, as entidades de crédito buscaron novas vías para obteren ingresos, e unha das máis importantes son as comisións procedentes de plans de pensións⁵.

Os reiterados, e sempre falidos, anuncios da creba da Seguridade Social teñen como principal obxectivo que as traballadoras e traballadores en activos e sobre todo as máis novas subscriban fondos de pensións privados para incrementar as comisións que cobran as entidades xestoras.

3 Os vixentes plans privados de capitalización

No Estado español a penetración das pensións privadas é moi baixa. O mesmo acontece en países con bos sistemas de protección social como Noruega, Alemaña, Austria, Suecia ou Francia⁶.

Patrimonio dos fondos de pensións privados, % do PIB, 2018								
Países Baixos	Reino Unido	Estados Unidos	Noruega	Estado español	Alemaña	Austria	Suecia	Francia
171	104,5	76,3	9,8	8,8	6,7	5,5	4,1	0,7

Existen tres tipos de plans de pensións:

Sistemas asociados, promovidos por asociacións, sindicatos, gremios ou colectivos e nos que os partícipes son as persoas asociadas.

Sistemas de emprego, promovidos por empresas e nos que os partícipes son as persoas empregadas.

Sistemas individuais, promovidos polas entidades financeiras e nos que os partícipes son clientes a título individual.

No Estado español existen 9 millóns e medio de contas de plans privados. Estímase que pertencen a uns 7 millóns e medio de persoas partícipes xa que algunhas delas subscribiron máis de un plan de pensións.

Número de contas nos plans de pensións privados, 2018		
Plans asociados	Plans de emprego	Plans individuais
62 mil	2 millóns	7,5 millóns

A maior parte do patrimonio está investido en plans individuais.

Patrimonio acumulado nos plans de pensións privados, 2019, millóns de euros		
Plans asociados	Plans de emprego	Plans individuais
860	36.000	80.000

⁵ Fundación INVERCO, obra citada.

⁶ Os datos das táboas de INVERCO, Las Instituciones de Inversión Colectiva y los Fondos de Pensiones. Informe 2019 y perspectivas 2020.

Coa actual normativa, as achegas aos fondos de pensións poden deducirse no IRPF, non pagan impostos o ano que se realizan.

Para comprendermos o gran nivel de desigualdade que xeran os **sistemas individuais** vexamos como se distribúen as achegas, as cantidades mensuais que se ingresan nas contas.

Número de contas por achega anual, sistema individual, 2018		
0 €	De 0 a 900 €	De 3.001 a 8.000 €
5 millóns	1,5 millóns	300 mil

- En 5 millóns de contas non se fixo ningunha achega.
- En millón e medio, menos de 75 euros ao mes.
- En 300 mil, entre 250 e 700 euros mensuais.

As persoas partícipes destas 300 mil contas son as verdadeiras beneficiarias das desgravacións fiscais pois poderán deducir entre 3 mil e 8 mil euros da súa declaración a Facenda. Representan menos do 4% do total de contas, mais achegan e desgravan entre o 40% e o 50% do total*. Lembremos que existen máis contas que persoas, polo que o número de persoas beneficiarias é aínda menor.

O **sistema de emprego** produce o mesmo nivel de desigualdade.

Número de contas por achega anual, sistema de emprego, 2018		
0 €	De 0 a 900 €	De 3.001 a 8.000 €
1,3 millóns	360 mil	112 mil

- En dúas de cada 3 contas non se realiza ningunha achega.
- En unha de cada 5, un máximo de 75€ mensuais.
- Só no 6% se realizan achegas significativas de entre 3 mil e 8 mil euros.

Este reducido grupo, só 6 de cada 100 traballadoras e traballadores, concentra máis do 50% dos achegas e desgravacións totais*. Probablemente o grupo estará integrado por directivos, executivos, alto funcionariado, etc.

* Tanto INVERCO como a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións subministran datos sobre achegas por intervalos, por exemplo, De 3.001 a 4.500 €. Estimamos unha achega media anual en cada intervalo igual ao punto medio do intervalo. Neste caso estimamos que a achega media do intervalo sería $(3.001 + 4.500) / 2 = 3.750,5$ €.

A economista Nekane Jurado calcula que nos Esquemas de Previsión Social Voluntaria do País Vasco, o 10% de maiores salarios, quer dicir, executivos, alto funcionariado, directivos das empresas, acumulan o 90% do patrimonio⁷. Este nivel de desigualdade e concentración coincide co dos fondos de capitalización nos países anglosaxóns. O experto Robin Blackburn refire que “nas décadas recentes o 10% dos fogares máis ricos beneficiáronse de máis da metade das desgravacións fiscais tanto no Reino Unido como en EUA”⁸.

7 Nekane Jurado, conferencia para COESPE, 28 de outubro de 2020, <https://kaosenlared.net/nekane-jurado-pacto-de-toledo-avance-o-mas-de-lo-mismo-video/>

8 Robin Blackburn, Age Shock. How Finance is Failing Us, Verso, 2006.

4 A recomendación do Pacto de Toledo: plans de capitalización de empresa

A recomendación 16 do Pacto de Toledo propón (ver introdución) promover os plans de capitalización de emprego mediante novas desgravacións fiscais. Actualmente a desgravación fiscal máxima para os plans individuais é de 8.000€ anuais. O ministro Escrivá propón reducilas até 2.000 € e introducir desgravacións fiscais para os plans de emprego de até 10.000 € anuais. De aprobarse, os directivos, executivos e altos funcionarios (na súa inmensa maioría homes) poderán desgravar 10.000€ anuais na declaración de IRPF. Esta desgravación reducirá os ingresos das comunidades autónomas e o goberno central.

Escrivá cita como modelos de referencia os vascos e británicos.

Na **Gran Bretaña** todas as empresas están obrigadas a inscribir todas as traballadoras e traballadores nun fondo, agás que o traballador pida explicitamente a exclusión. Contribúen ao fondo, a empresa, o traballador e o Estado xa que perde ingresos debido ás desgravacións fiscais.

En **Euskadi**, os plans de emprego introdúcense mediante a negociación colectiva o que os fai case obrigatorios⁹. O presidente da Federación Vasca de EPSVs, Ignacio Etxebarria pide reiteradamente que se convertan en obrigatorios “para todos os traballadores”¹⁰. Etxebarria calcula que para conseguir unha pensión igual ao 20% do último salario un traballador debería cotizar durante 40 anos un 6% do salario, a metade por conta da empresa.

Os principais EPSVs son Geroa para traballadores do sector privado de Guipúscoa, Itzarri e Elkarkidetza para persoal funcionario e ao servizo das administracións públicas e Lagun Aro do Grupo Cooperativo Mondragón. A pensión media das primeiras persoas xubiladas de Geroa é de 185 €.

As desgravacións fiscais derivadas dos plans de emprego do sistema vasco superan a suma conxunta que os orzamentos da comunidade destinan a vivenda, familia e medio ambiente. Son superiores tamén a todo o importe dedicado á Renda de Garantía de Ingresos (RGI), o equivalente en Euskadi á RISGA galega.

Nunha xornada organizada polo banco Ibercaja, Escrivá anunciou as características dos plans de emprego que promove¹¹:

- 1) quere pasar de 1,6 a 9,5 millóns de traballadores asociados.
- 2) o Estado impulsará un macrofondo para autónom@s, traballador@s das pemes e empregad@s públic@s.
- 3) este macrofondo será un “**fondo de pensións de promoción pública e xestión privada**”.
- 4) facilitará a cada traballador/a “que comeza a traballar nunha empresa ou para a Administración que teña adscrición automática a un plan de pensións”.
- 5) un dos obxectivos principais é a incorporación das traballador@s xoves.
- 6) as primeiras medidas para promover os plans de empresa xa están recollidas no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2021, o ministro precisou que “vai legislar moi rápido”.

En definitiva trátase de que o sector público cree un gran fondo que cederá graciosamente ao sector privado para que o xestione e obteña suculentas comisións. Escrivá utiliza a súa posición de máximo responsábel político do sistema público de seguridade social para abrir paso á privatización das pensións.

9 Varios dos datos sobre EPSV da intervención citada de Nekane Jurado.

10 Entrevista para Deia, 9 de febreiro de 2020.

11 La Vanguardia e Cinco Días, 12 de novembro de 2020.

Se a grande estafa da Gran Crise Financeira e Inmobiliaria foi a privatización das caixas de aforro, a metade do aforro das traballadoras galegas e todo o Reino de España, **o gran latrocinio da Pandemia Global será o inicio da privatización da protección social para a vellez. Só unha gran mobilización social poderá evitalo.**

5 Por que Escrivá quere “lexislar moi rápido”?

No verán de 2018, o Parlamento Europeo, a proposta da Comisión Europea, aprobou un produto financeiro denominado Produto Paneuropeo de Pensións Privadas (PEPP). O obxectivo do PEPP é “canalizar ... cara aos mercados de capitais, máis aforros dos fogares”. A CE calcula que “cos PEPP o valor de mercado das pensións individuais pasaría de 0,7 billóns de euros a 2,1 billóns de euros de aquí a 2030”. Para “promover un entorno que estimule a innovación no sector de produtos financeiros”, os aforros das traballadoras e traballadores poderían investirse en activos especulativos, “o investimento en instrumentos derivados será posible”. Lembremos que derivados como as *subprimes* estadounidenses estiveron na orixe da Gran Crise Financeira de 2008. Para alimentar o PEPP a CE pídelles aos Estados membros que aproben desgravacións fiscais, “a fin de animar os Estados membros a concederen unha desgravación fiscal aos PEPP, a Comisión adoptou, xunto coa presente proposta, unha Recomendación sobre o tratamento fiscal dos produtos de pensións individuais, incluído o produto paneuropeo de pensións individuais”¹².

Pero este proxecto afronta un gran problema. Na UE-27 viven 446 millóns de persoas. Máis da metade vivimos en Alemaña (83 millóns), Francia (67 millóns), Italia (60 millóns) e no Estado español (47 millóns). A penetración dos fondos privados de capitalización nestes catro Estados é moi baixa, non chega en ningún ao 10% do PIB. A Escrivá correspóndelle a tarefa de lles abrir paso as fondos especulativos no Reino de España e considera que a pandemia da Covid-19 creou as condicións necesarias para facelo. E debe facelo agora, antes de que a superación da crise sanitaria permita o renacemento da mobilización social.

6 O Pacto Fordista: educación, sanidade e pensións fóra do mercado

Despois do remate da Segunda Guerra Mundial, unha correlación de forzas relativamente favorábel ao traballo fronte ao capital obrigou a este a deixar fóra do mercado elementos esenciais da vida dos seres humanos: educación, saúde e pensións que equivalen a aproximadamente o 30% do produto social. Os grandes capitais renunciaron pois a valorizarse neses ámbitos decisivos. A vida das traballadoras fíxose en contrapartida máis libre e segura.

7 A revisión do Pacto Fordista

O golpe de Estado de Pinochet en Chile e as vitorias electorais de Thatcher e Reagan en Gran Bretaña e Estados Unidos desencadearon unha ofensiva contra o Pacto Fordista e iniciaron a privatización de todo o público. Porén, esta revisión é moi difícil pois as clases traballadoras se resisten a deixar as súas vidas á intemperie da provisión de educación, saúde e pensións polo mercado. En consecuencia, o conflito desenvólvese mediante unha guerra de posicións prolongada. Esta estratexia é especialmente perceptíbel no

12 COMISIÓN EUROPEA, Propuesta de Reglamento del Parlamento Europeo y del Consejo sobre un producto paneuropeo de pensiones individuales (PEPP).

eido das pensións. Poderíamos tomar como punto de partida un relatorio do Banco Mundial de 1994 no que propón que as pensións públicas sexan modestas e complementalas con pensións de capitalización obrigatorias. Continúa coas campañas anuais sobre a inviabilidade do sistema público de pensións. O erro cometido en 2018 por Fátima Bañez coa famosa carta do 0,25% abriu paso a un forte contraataque do movemento en defensa das pensións públicas. Agora, Escrivá, moito máis intelixente dispónse a dar un golpe decisivo. Só unha enorme mobilización social poderá frustralo.

8 Exemplos de privatizacións

A análise anterior pode semellar esaxerada, hiperbólica. Vexamos catro exemplos de como se desenvolve a campaña prolongada polas privatizacións.

8.1 Educación concertada no Reino de España

En 1985 o Goberno socialista presidido por Felipe González creou a figura do centro concertado para institucións educativas de titularidade privada que serán financiadas con cargo aos orzamentos públicos. A xustificación da medida semellaba razoábel. Alí onde non existisen prazas públicas suficientes financiaríanse subsidiariamente prazas privadas. Rapidamente a dereita aproveitou para promover o ensino privado, en boa parte baixo control de institucións relixiosas ou seitas integristas, e segregar o alumando pola súa orixe social e tipo de poboamento. O resultado é que na educación primaria e secundaria obrigatoria, o ensino privado xa escolariza o 30% do alumnado, especializándose no de superior nivel económico e cultural e de residencia urbana. Diversos organismos internacionais cualifican o sistema educativo no Reino de España como o máis segregado de Europa. Os orzamentos públicos financian a segregación social.

8.2 A Sanidade privada no Reino de España

A Lei Xeral de Sanidade de 1986, tamén dun Goberno presidido por Felipe González, recoñeceu a sanidade privada como “complementaria no Sistema Nacional de Saúde”. En 1997 o Goberno de J. M. Aznar reforzou a porta aberta á privatización mediante a Lei 15/1997 de habilitación de novas formas de xestión do Sistema Nacional de Saúde. A consecuencia foi a progresiva extensión do modelo Alzira valenciano ou a concesión a empresas privadas da construción de hospitais como o Álvaro Cunqueiro de Vigo. Entre 2009 e 2013 o gasto público en sanidade reduciuse nun 10%, cun descenso de máis de 7 mil millóns de euros¹³. A degradación do sistema, e especialmente o aumento das listas de espera, foi aproveitada polas empresas privadas para aumentaren a súa participación no gasto sanitario até case 7.500 millóns de euros en 2017, máis do 30% do gasto sanitario total¹⁴. O número de pólizas privadas supera xa os 9 millóns.

8.3 A Educación en Suecia

A privatización do ensino chegou aos países escandinavos. En 1991 o primeiro ministro conservador Carl Bildt instaurou o cheque escolar que permite ás familias elixir centro. En 1990 os centros concertados eran case inexistentes. En 2017, un de cada cinco centros de secundaria era xa privado. Suecia converteuse no país europeo que dedica unha porcentaxe do PIB máis alta á educación, ao tempo que aumenta a segregación escolar. O camiño á privatización abrírao unha decisión do ministro socialdemócrata Göran

13 El País, 20 de xaneiro de 2019.


14 <https://www.phmk.es/crece-gasto-sanidad-privada-seguros-2016/>, 22 de marzo de 2017.

Person que, en 1989, municipalizou o sistema nacional unificado. As cualificacións do país no estudo Pisa caen mentres o grupo privado AcadeMedia factura mil millóns de euros cuns beneficios de 40 millóns.

8.4 O Auga en Inglaterra e Gales

O movemento das privatizacións esténdese ás empresas e outros servizos públicos. Un dos principais obxectivos é transformar salarios decentes das traballadoras e traballadores en dividendos e altos salarios para os directivos. En Inglaterra e Gales a subministración de auga privatizouse en 1989. Os novos xestores solicitaron grandes préstamos para alimentaren os dividendos que distribúen entre os accionistas, aumentando a carga de xuros que deben pagar as empresas, desde 288 millóns de libras en 1993 a 2.000 millóns en 2012. Durante 5 anos, entre 2009 e 2013, 5 concesionarias repartiron máis dividendos do que gañaran en beneficios antes de impostos, descapitalizando as empresas a custa do investimento en mantemento e mellora das infraestruturas de subministración. As privatizacións serven tamén para desviar valor dos salarios ás retribucións dos directivos. Entre 1993 e 2013, a parte dos ingresos destinada a salarios reduciuse nun terzo, mentres as retribucións dos directivos aumentaban máis dun 56%¹⁵. Os directivos apropiábanse de unha de cada 5 libras pagadas polas persoas usuarias.

Elaboración propia a partir de Mazzucato, *Op. Cit.* 2019, p. 239.



9 Tres argumentos contra os plans de empresa

9.1 Argumento 1. Os plans de emprego dividirán os traballadores en dous grupos:

Grupo privilexiado. Un grupo reducido de altos salarios que poderá cotizar á SS e ao tempo facer importantes achegas a un fondo privado. Cando se xubilen percibirán unha pensión pública alta e unha pensión privada importante.

Grupo maioritario. A maioría de salarios medios ou baixos verá como se detrae do seu salario unha nova cotización para o plan de emprego, vendo diminuír o seu salario neto. Cando se xubilen ao dispor dun pequeno capital, a súa pensión privada será insignificante.

Ignacio Etxebarria, presidente das EPSVs vascas, propón unha cotización adicional do 6%. As traballadoras e traballadores de baixos salarios perderían un 6% de poder adquisitivo.

15 Mazzucato, Mariana, *El valor de las cosas. Quién produce y quién gana en la economía global*, 2019, pp. 238-239.

Os plans de capitalización rompen a solidariedade interna das clases traballadoras ao redor da defensa do sistema público de reparto e a solidariedade entre xeracións.

9.2 Argumento 2. Os plans de emprego desvían ingresos do sistema público aos fondos privados potencialmente especulativos.

Unha vía para aumentar os ingresos da Seguridade Social é aumentar as cotizacións. Arguméntase que dificultaría a creación de emprego. Para os defensores dos sistemas privados, sorprendentemente, aumentar un 6% as cotizacións para os plans de emprego non dificulta o emprego. No futuro é posíbel que se propoña reducir as cotizacións á SS para manter as achegas ao sistema privado.

Tamén se reducen os ingresos das facendas públicas ao establecerse desgravacións fiscais para as achegas aos fondos privados. Unhas desgravacións que benefician aos altos salarios e contribúen a facer o sistema impositivo máis regresivo.

9.3 Argumento 3. Os plans de emprego contribúen ao proceso de financeirización da economía.

Unha das características principais do modelo de capitalista neoliberal é o peso crecente das finanzas no goberno da economía produtiva. Constitúense grandes fondos de capitais financeiros en busca de rendibilidade. O capital financeiro non produce valor, extráeo da economía produtiva. Para facelo, compra participacións en empresas, reduce os gastos en investigación, despide persoal, reduce salarios, precariza o emprego e acelera o reparto de dividendos. Unha das fontes que nutren os fondos de investimento son as pensións de capitalización. As achegas das traballadoras e traballadores acumuladas en plans de capitalización, de emprego ou individuais, serven para adquirir empresas nas que quizais eles mesmos traballen e despedir, reducir a masa salarial ou precarizar as condicións de traballo.

Primeiro exemplo. Healthcare Activos Yield Socimi e os salarios.

Elkarkidetzta, o plan de emprego do funcionariado vasco, Geroa, o plan de emprego do sector privado guipuscoano, e o fondo de pensións de Bankia posúen participacións en Healthcare Activos Yield Socimi. Esta empresa constrúe hospitais e xeriátricos que aluga por unha renda. De onde obtén os seus beneficios? Fundamentalmente dos varios salarios. Jorge Guarner, presidente do grupo, recoñece que os salarios do sector son baixos: unha auxiliar de xeriatría percibe un 20% menos que unha persoa cun posto básico no comercio, e un médico gaña un 30%-35% menos que nun hospital¹⁶.

Este exemplo permítenos comprender como funciona a financeirización. As achegas mensuais a plans privados das traballadoras e traballadores de Guipúscoa, do funcionariado vasco e do persoal de Bankia serven para construír xeriátricos e hospitais privados onde se precarizan as condicións laborais e cuxos baixos salarios alimentan os beneficios dos grandes investidores. Eses fondos en forma de impostos financiarían a construción de hospitais e residencias públicas onde o servizo tería maior calidade, a oferta sería igual para todas e todos, e os salarios dignos.

Debemos elixir entre servizos públicos de calidade financiados con impostos ou fondos de emprego que reducen os ingresos impositivos e precarizan o emprego.

Segundo exemplo. Blackstone e a vivenda.

16 El País de los Negocios, 15 de novembro de 2020.

Blackstone, a segunda xestora mundial de activos financeiros, posúe 300 mil vivendas o que a converte na primeira caseira global. No Reino de España é propietaria de 32 mil pisos. Blackstone adquire vivendas baratas tendo como obxectivo obter unha rendibilidade anual do 20%. Para acadala expulsa as inquilinas mediante o desafiuzamento ou acordos forzados de dación en pagamento; aumenta os alugueiros, ben directamente, ben a través de cotas para os servizos comúns ou de falta de flexibilidade nos cobramentos, ou non renova os arrendamentos dos inquilinos molestos. Esa altísima rendibilidade destínase aos salarios dos executivos e aos dividendos esixidos polos investidores. O CEO de Blackstone, Stephen Schwarzman, ingresou, en 2017, 672 millóns de euros, unha cantidade superior aos 479 millóns destinados polos Orzamentos Xerais do Estado español a políticas de vivenda. En 2013, Blackstone adquiriu 1.860 vivendas de protección social en Madrid sendo alcaldesa Ana Botella por 125 millóns de euros, unha media de 67.204€ por vivenda, un prezo moi inferior aos de mercado. Blackstone comprou 40.000 hipotecas a Catalunya Banc por 3.568 millóns cun desconto do 60%, sen que o Goberno do PP lle esixise garantía ningunha para as hipotecadas. Despois de ser liquidado o Banco Popular e vendido ao Banco de Santander por 1 euro, Blackstone comprou activos inmobiliarios valorados en 30.000 millóns de euros por só 5.100 millóns, producíndose unha transferencia de valor dos accionistas cara ao Banco de Santander e Blackstone¹⁷.

Pois ben, unha parte importante dos capitais de Blackstone proceden de 177 fondos de pensións, entre eles os dos empregados públicos de Nova York, Texas ou California. Uns fondos que serven para expulsar persoas pobres das súas vivendas e para nutrir os salarios estratosféricos dos altos directivos.

10 Dez críticas aos plans de pensións de empresa.

1. Detrae posíbeis cotizacións sociais da SS a fondos especulativos.
2. Os salarios máis baixos ao faceren fronte á dobre cotización, SS e EPSV, vense aínda máis reducidos.
3. Crea un Estado de benestar dividido. O 10% de salarios máis altos acumula o 90% dos fondos.
4. É fiscalmente regresivo. Serve para reducir o IRPF aos salarios máis altos e os ingresos fiscais das administracións públicas. En Euskadi a perda de ingresos supera o gasto público en vivenda, familia e medio ambiente.
5. Contribúe ao proceso de financerización da economía. Fórmanse grandes fondos que se utilizan para comprar empresas que se sanearán despedindo traballadores, reducindo o investimento en I+D+i e distribuíndo altos dividendos para despois vender o que quede da empresa.
6. Permite que os fondos voitre merquen vivendas das que desafiuzarán as persoas pobres.
7. Divide a clase traballadora entre o segmento que pode facer achegas importantes ao EPSV e o resto. A longo prazo servirá para destruír a solidariedade interna das clases traballadoras na defensa do sistema de reparto.
8. Divide a clase traballadora segundo o tamaño das empresas e os niveis salariais.
9. As prestacións non son de prestación definida (sabes canto vas cobrar) como as do sistema de reparto.
10. Ao xubilarte debes decidir por cantos anos vas cobrar a prestación. Cantos máis anos elixas, menor será a prestación.

17 Rusiñol, Pere, Los chollos del 'casero' de España, Alternativas Económicas, outubro 2018.

11 CONCLUSIONES

A carta do 0,25% provocou unha gran mobilización do movemento en defensa das pensións públicas na que participaron centos de milleiros de cidadás e cidadáns. Esta mobilización paralizou temporalmente a ofensiva da CE, o BCE e o BE que buscaba reducir as pensións públicas para abrir espazo aos fondos privados de capitalización. A principal vitoria do movemento foi romper a conxelación das pensións para máis de 700 mil galegas e de 9 millóns de pensionistas en todo o Estado.

O actual ministro Escrivá pretende aproveitar unha situación favorábel para, cunha táctica máis intelixente, dar un paso decisivo na privatización do sistema de pensións. Catro circunstancias favorecen o seu movemento: 1) o aumento das pensións segundo o IPC desmobiliza a gran parte do movemento que se levantou en 2018, a parte menos preocupadas polo futuro do sistema e interesada fundamentalmente *pola súa pensión*, 2) as restricións impostas para combater a pandemia dificultan enormemente a capacidade do movemento pensionista para informar mediante charlas presenciais e a participación nos actos e mobilizacións, 3) o apoio case unánime dos medios de persuasión e comunicación de masas ás pensións privadas, e, 4) a participación de Unidas Podemos no Goberno dificulta que se opoña con claridade.

O paralelismo cos 4 exemplos de privatización expostos máis arriba é certo. A promoción dos plans de emprego, que Escrivá presenta como unha medida inocua, terá efectos decisivos en canto transcorra unha década. Dentro de 10 anos, as pensións privadas hoxe marxinais no Reino de España, constituirán xa unha parte significativa dos sistemas de pensións. Milleiros de millóns de euros procedentes das achegas das traballadoras e traballadores estarán baixo xestión privada e especulativa. Nalgúns casos servirán para degradar as condicións de traballo dos mesmos traballadores que os alimentaron doas deducións realizadas dos seus salarios.

Por todas estas razóns é o momento de actuar. Debemos traballar para que cando se voten os OXE, todas as forzas á esquerda do PSOE, incluíndo Unidas Podemos, voten contra as desgravacións que propón Escrivá e polo tanto contra os plans de emprego. De o conseguirmos, os plans de emprego nacerán deslexitimados e poderemos aspirar a eliminalos no futuro. Podemos contar co apoio de BNG, Esquerra Republicana de Catalunya e EH-Bildu que se abstiveron na votación, así como da CUP que votou en contra. Agora debemos traballar para que Más País-Equo, Compromís e Unidas Podemos se unan á oposición aos plans de emprego votando contra as desgravacións fiscais nos OXE. Non renunciamos a expormos os nosos argumentos ás deputadas e deputados do PSOE para que a súa alma socialdemócrata se impoña sobre a asa socioliberal do partido.

Debemos explicar a importancia do que se vai decidir aos grupos parlamentarios desas forzas políticas. En primeiro lugar, solicitando entrevistas para lles explicar a nosa posición. Ademais, mediante emails persoais nos que lles remitamos a nosa análise e lles solicitemos que voten en contra. Poderíamos utilizar o hashtag #defendepensiónspúblicasagora. De acordo coa nova maioría, democrática e respectuosa coa realidade plural nacional e territorial, esta campaña debe utilizar as catro linguas cooficiais e elixir para dirixirse a cada grupo político a lingua do territorio que represente.

A batalla que afrontamos é decisiva, definirá se dentro de 20 anos as xeracións activas disporán dunha pensión pública suficiente ou dependerán dun fondo especulativo. Escrivá é perfectamente consciente. Nos outras tamén. Fagamos o noso traballo. Pola liberdade e a igualdade. Os valores polos que paga a pena vivir, traballar e loitar.

En Vigo, a 12 de decembro de 2020

Non aos plans de pensións de empresa, privados e individualistas, que só benefician aos empregados con maiores ingresos e rompen co sistema actual, de reparto, máis xusto e baseado na solidariedade entre xeracións

**GOBERNE QUEN GOBERNE AS PENSIONS
DEFÉNDENSE**

**Súmate
à defensa das
Pensións
e os Servizos
Públicos**

Para contactar ou seguir a MODEPEN:

Web: <http://www.modepen.org/>

E-mail: modepen2016@gmail.com

Facebook: <https://www.facebook.com/MODEPEN/>

Twitter: @modepen

Instagram: #modepen



MODEPEN

Movemento Galego pola
Defensa das Pensións e os
Servizos Públicos